

## O CEIP de San Roque chega ás vodas de ouro

Os pais da APA de 1974 construíron as gradas do patio e o pavillón cuberto foi reconvertido co Plan E en polideportivo



*Inauguración do colexio o 13 setembro 1974, con autoridades e a Miss Cangas. // ARQUIVO XERARDO DASAIRAS*

### Xerardo Dasairas

Cangas | 20-06-23 | Faro de Vigo-Morrazo

<https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2023/06/20/colexio-san-roque-chega-88908286.html>

Tras as Escolas graduadas, comeza en 1969 a elaboración da Ley General de Educación y Financiamiento de la Reforma Educativa, aprobada o 4 de agosto de 1970. Desde esta data comezaría un intenso labor de construción de grandes centros escolares (Concentracións) nos que se puidesen impartir os oito cursos da nova Lei, baixo a denominación de Enseñanza General Básica (EGB) que escolarizaba aos alumnos desde os seis aos catorce anos.

O colexio CEIP de San Roque, que nos anos oitenta, tiña o maior número de alumnos de Cangas, conmemora hoxe os seu 50 aniversario.

O colexio de Darbo e máis o do Hío, **empezaron a construírse en marzo de 1972 pola empresa Malvar S. A. de Pontevedra, sendo rematada a estrutura nun tempo récord.**

Durante o ano seguinte procedeuse á dotación interior do mesmo estando **listo para funcionar no curso 1973 - 74**. Neste curso só foron incorporadas as unitarias máis próximas, as do Seixo e Balea pois os accesos ao centro, que corrían por conta do Concello non foron feitos ata tempo despois. Co inicio do vindeiro curso, as autoridades locais e provinciais inaugurarían oficialmente o colexio o 13 de setembro do 1974, sendo tamén bendicido polo párroco de Darbo. Como contemplaba a Lei, o centro contaba con comedor e transporte escolar, de aí o condicionante dos accesos.



Unha imaxe do patio de San Roque na actualidade coas coñecidas pistas de tenis. G.N.

**A finais dos oitenta, o colexio xa superaba os oitocentos alumnos** sendo o de maior matrícula do concello. Isto vai provocar que para o inicio do curso en 1987 se proceda ao seu desdobre, destinando parte dos alumnos ao novo colexio de primaria de Montecarrasco. Coa chegada da LOGSE en 1990, Montecarrasco convértese en centro da ESO, absorbendo parte do profesorado de San Roque que vai adoptar agora, como os outros, o nome de CEIP (Centro de Educación Infantil e Primaria) de San Roque.

|                   |                                |                                |                             |
|-------------------|--------------------------------|--------------------------------|-----------------------------|
| César López       | Azucena de Castro              | Consuelo Varela                | Nuria Martínez              |
| José A. Táboas    | José Manuel Lariño             | Xerardo Dasairas               | Susana Espinar              |
| Luis Boullosa     | Marisol Álvarez                | M <sup>a</sup> Jesús González  | Alicia Martínez             |
| Francisco Rofiñán | Euloxio López                  | M <sup>a</sup> Isabel Barreiro | Celia Fernández             |
| F. Gil Ambrosiani | J. Ramón González              | Elda Álvarez                   | Raquel Abalo                |
| Bernardino Graña  | Dolores Iglesias               | José Fco. Dalama               | Félix Solla                 |
| Serafín Fontenla  | M <sup>a</sup> Jesús Rodríguez | Luis Lagoa                     | Ana M <sup>a</sup> Gallego  |
| Dolores Vizcaya   | M <sup>a</sup> Elisa Adán      | Mercedes Outeiral              | Sonia Fernández             |
| Sagrario Corral   | Margarita Trigo                | Olga Ogando                    | Mercedes Zaera              |
| Montserrat Yebra  | M <sup>a</sup> Carmen Soengas  | Felisindo Morán                | Romina Tenreiro             |
| Modesta Cordeiro  | Dolores Rial                   | Tálida Álvarez                 | Noelia Vázquez              |
| Marisol Díaz      | Juana Paz (Juani)              | José A. Area                   | Iván Cuiñas                 |
| Rosa Cabada       | Eligio Garrido                 | Alberto Pazos                  |                             |
| Eva Fernández     | Anxos Bouzada                  | Ana M <sup>a</sup> Gil         | <i>Conserxes:</i>           |
| Avelino Tilve     | X. Manuel Pazos                | Ignacio Vaz                    | Arturo Romero               |
| Ramón Iglesias    | Margarita Álvarez              | M <sup>a</sup> Carmen Arias    | Pilar Fernández             |
| Daniel Montes     | Charo Argibay                  | Beatriz González               |                             |
| Marisol Díaz      | Montserrat Fandiño             | Pilar García                   | *Moitos mestres substitutos |
| Maruxa Barrio     | José M. Castro                 | Gloria Carrete                 | en prácticas pasaron tamén  |
| José R. Bernárdez | Amalia Soage                   | Vanesa Fernández               | polo centro pero sería moi  |
|                   |                                |                                | longa a súa enumeración.    |

Mestres que exerceron no colexio. Arquivo Xerardo Dasairas

Despois de varias leis de educación (LODE, LOE...) o Colexio foi evolucionando neste sentido, incorporando as novas tecnoloxías e métodos de ensino, alcanzando desde hai unha década a deficiión de CEIP Multilingüe San Roque.



*A primeira promoción do colexio en 1974.*

Unha vez que todos os alumnos das unitarias estiveron no colexio e segundo a Lei procedeuse á constitución da Asociación de Pais de Alumnos (APA) o **23 de novembro de 1974 sendo primeiro director do centro o mestre César López Freire**. Este, xunto coa **Asociación de Pais, presidida polo industrial José Rodal Portas**, van poñer en marcha o comedor que vai acoller a 400 alumnos (os mesmos que pais asociados) pagando 300 pts. por rapaz e curso e creando unhas becas para que coman os alumnos máis necesitados. Unha das actividades máis febriles que realizou a APA foi a construción das gradas e mellora dos patios de recreo.



*O patio do colexio no ano 2000. G.N.*

Para as actividades extraescolares contratan un profesor de danza galega, outro de coro e una profesora de danza rítmica, participando tamén nas Cabalgatas de Reis cunha carroza ou axudando a mercar os libros de texto. Como o colexio non contaba aínda con ensino preescolar, **a APA e máis o director emprenden un plan de recuperación das escolas unitarias e as aulas de Massó para albergar os escolantes de tres a seis anos, que serían os futuros alumnos do centro.** Entre os plans de futuro que barallaban, estaba o de impartir clases de Formación Profesional que ao final se reduciron a clases extraescolares de mecanografía.



*Goberno de 2010 (Clara Millán, xunto a Héctor Otero e Toñi Queimaño) na visita ás obras do novo pavillón. G.N.*

**A mellora das instalacións do centro foise realizando paulatinamente ao longo dos anos: Accesos de entrada, porches, xardíns, portas interiores, cubertas, pistas deportivas, patio de infantil, aparcamento...** Moitas obras menores correron a cargo do propio centro, as de mantemento eran obriga do Concello e as de envergadura correspondíanlle á Delegación de Educación que non sempre atendía aos requirimentos. Un dos maiores logros foi a doazón pola Deputación dunha estrutura que albergou un pavillón cuberto durante anos ata que foi reconvertido nun pavillón polideportivo a cargo do chamado Plan E estatal e que foi inaugurado o 19 de febreiro do 2011 polas autoridades.



*Nais que construían as gradas do patio do colexio. Arquivo Xerardo Dasairas*

No ano 1974 creárase un pioneiro **Grupo de Baile Galego no colexio para ensinar e conservar entre os alumnos a música, o baile e o traxe típico galego. As seccións estaban dirixidas por M<sup>a</sup> Carmen Pérez e patrocinados pola APA.** Comezaron participando nos festivais de fin de curso e logo en concursos provinciais, Día da Muiñeira, festivais de diversas entidades... Estas seccións de distintas idades, únicas daquela en Cangas, tamén actuarían, a petición do Concello, diante dos Reis de España, don Juan Carlos e dona Sofía cando inauguraron a Casa do Mar en 1976.



*Profesorado no ano 1975. Arquivo Xerardo Dasairas*

**O colexio conmemora hoxe o seu 50 aniversario cunha xornada de portas abertas, pola mañá, con familias, antigos alumnos e profesorado, e cunha exposición de fotos e actuacións de baile.**

(\*) Mestre de Cangas e investigador da súa historia